



## Guía Docente

| Datos Identificativos |  |                    |                    |           | 2022/23 |
|-----------------------|--|--------------------|--------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*)        | Recursos e estratexias para a intervención no tempo libre  |                    | Código             | 652G03030 |         |
| Titulación            |  |                    |                    |           |         |
| Descritores           |  |                    |                    |           |         |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo               | Créditos  |         |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Terceiro           | Optativa           | 6         |         |
| Idioma                | Galego   |                    |                    |           |         |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                    |           |         |
| Prerrequisitos        |  |                    |                    |           |         |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica  |                    |                    |           |         |
| Coordinación          | Pose Porto, Hector Manuel  | Correo electrónico | hector.pose@udc.es |           |         |
| Profesorado           | Barba Núñez, María   | Correo electrónico | maria.barba@udc.es |           |         |
|                       | Pose Porto, Hector Manuel  |                    | hector.pose@udc.es |           |         |
| Web                   | www.udc.es/dep/pdce/HectorPose   |                    |                    |           |         |
| Descrición xeral      | Na materia abordaremos o tempo libre e a experiencia do ocio, tomando en consideración diferentes variables (idade, xénero, socioculturais, diversidade funcional, etc.) e a súa incidencia. Coñeceremos a pedagogía do ocio como área de traballo da educación social, así como factores e recursos a ter presentes na súa intervención. Promoverase a experiencia práctica e o diálogo con profesionais. Preténdese que o alumnado comprenda o ocio como dereito e como unha das dimensións de calidade de vida das persoas, integrando o traballo con esta dimensión nos diferentes ámbitos de exercicio profesional. |                    |                    |           |         |

## Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |          |                      |
|--|-------------------------------------|----------|----------------------|
| Coñecer a terminoloxía específica da pedagogía do lecer o do tempo libre   | A1<br>A5<br>A6<br>A9                | B1<br>B4 |                      |
| Analizar os tempos sociais e as posibilidades educativas e de promoción da calidade de vida do tempo libre               | A5<br>A11                           |          | C6<br>C7             |
| Coñecer as claves teóricas e metodolóxicas da pedagogía do ocio  | A6<br>A7<br>A9<br>A15<br>A19<br>A21 |          |                      |
| Elaborar e xestionar medios e recursos para intervención no tempo libre  | A15<br>A19<br>A21                   | B3<br>B6 | C6                   |
| Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan presentar, defender e desenvolver proxectos cara o tempo libre | A7<br>A11<br>A20                    | B6       | C1<br>C3<br>C5<br>C7 |

## Contidos

| Temas | Subtemas |
|-------|----------|
|-------|----------|



|   |  |
|---|--|
| 1. Lecer e tempo libre na sociedade contemporánea e as súas potencialidades educativas.       | 1.1. Os tempos sociais.<br>1.2. Lecer e tempo libre.<br>1.3. Pedagogía do lecer.   |
| 2. A acción-intervención educativa no tempo libre.  | 2.1. Espazos, ámbitos e contextos da acción-intervención no tempo libre.<br>2.2. Estratexias de dinamización do tempo libre. |
| 3. A animación teatral como ferramenta de intervención no tempo libre en múltiples contextos. | 3.1 Xenealoxía da animación teatral.<br>3.2 A súa práctica.  |
| 4. Unha programación: elaboración e deseño  | 4.1 Pasos e factores a ter presentes na elaboración dunha programación.  |

| Planificación            |  |   |                         |              |
|--------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias / Resultados                        | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral         | A1 A5 A7 A9 A21                                  | 15                                      | 10                      | 25           |
| Aprendizaxe colaborativa | A20  | 9                                       | 0                       | 9            |
| Estudo de casos          | B1 B3 B4   | 4                                       | 29                      | 33           |
| Discusión dirixida       | B6   | 3                                       | 5                       | 8            |
| Lecturas                 | C5 C6 C7   | 0                                       | 30                      | 30           |
| Aprendizaxe servizo      | A1 A5 A6 A7 A9 A15<br>A19 A20 A21 B1 B3<br>B6 C5 | 7                                       | 25                      | 32           |
| Simulación               | A6 A11 A15 A19 C1<br>C3                          | 2                                       | 8                       | 10           |
| Atención personalizada   |  | 3                                       | 0                       | 3            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |  |
|--------------------------|--|
| Metodoloxías             | Descrición   |
| Sesión maxistral         | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A exposición maxistral é moi reducida, sendo que esta se complementa con actividades de aprendizaxe cooperativa, de construción de coñecemento a partir de lecturas previas, buscando que o alumnado se sitúe fronte aos contidos abordados e constrúa saber.   |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.<br>As propias ferramentas empregadas preséntanse como estratexias de traballo na dinamización da participación social e comunitaria no ámbito do tempo libre, polo que se coída a reflexividade sobre a propia técnica de aprendizaxe. |
| Estudo de casos          | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto. O alumnado sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.  |
| Discusión dirixida       | A partir de lecturas previas, e empregando estratexias de debate en pequeno grupo, o alumnado debaterá sobre temas que suscitan o seu interese e que os confronta coa realidade social e profesional (a vivencia dos tempos, a experiencia do lecer, etc.)   |
| Lecturas                 | Conxunto de textos e documentación escrita que permiten afondar nos contidos traballados. En ocasións as lecturas deberán realizarse de forma previa, para permitir o traballo activo do alumnado na sesión de clase.  |



|                     |  |
|---------------------|--|
| Aprendizaxe servizo | Contando coa colaboración dunha entidade social (non necesariamente específica para o tempo libre pero que traballe o lecer), o alumnado terá que desenvolver unha actividade de tempo libre. Para iso, debe ter en conta os factores que afectan á experiencia de lecer do colectivo (previamente abordada) así como os factores institucionais, enmarcando a súa acción dentro dos proxectos desenvolto pola entidade. |
| Simulación          | Baséase na solicitude de elaboración dunha programación de tempo libre propondo situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías                                    | Descrición  |
|---|---|
| Aprendizaxe colaborativa<br>Aprendizaxe servizo | <p>A atención personalizada, ben en sesións de aula, ou en titorías en pequeno grupo ou individuais, relaciónase coa necesidade dun seguimento do traballo do alumnado, especialmente nas metodoloxías de aprendizaxe colaborativa e aprendizaxe servizo.</p> <p>A realización dunha titoría a inicio de curso será, para as persoas non asistentes, de obrigado cumprimento, en consenso co/a profesor/a.</p> <p>Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agrádecese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.</p> |

### Avaliación

| Metodoloxías             | Competencias / Resultados                        | Descrición   | Cualificación |
|--------------------------|--|--|---------------|
| Sesión maxistral         | A1 A5 A7 A9 A21                                  | Valórase a presenza e implicación no desenvolvemento das clases, tanto prácticas (dinámicas de xogos, habilidades comunicativas, obradoiro de animación teatral...) como teóricas así como nos encontros con experiencias e profesionais do sector | 10            |
| Aprendizaxe colaborativa | A20  | Actividades de aprendizaxe colaborativa que acompañan os contidos da materia, desenvoltas tanto nas sesións de clase como no traballo autónomo do alumnado e que, normalmente, implican lecturas previas.  | 20            |
| Estudo de casos          | B1 B3 B4   | Valorarase as achegas razoadas do alumno/a. A súa capacidade de ligar os coñecementos desta e doutras materias, a madurez nas reflexións, a referencia a lecturas e a propia bagaxe experiencial do alumno/a.                                      | 35            |
| Aprendizaxe servizo      | A1 A5 A6 A7 A9 A15<br>A19 A20 A21 B1 B3<br>B6 C5 | Implica a elaboración e, de ser o caso, posta en marcha dun programa de lecer, vinculado ao traballo desenvolto por unha entidade social. É de carácter grupal. Valórase a programación desenvolto e a dinamización realizada.                     | 35            |

### Observacións avaliación



As persoas que non acadan un mínimo do 80% das sesións presenciais ou que dispoñan de dispensa académica por motivos xustificadas, de querer superar a materia deberán comunicarllo aos docentes no primeiro mes de clase e:

Realizar un traballo que comprende: estudo de caso (30%), exercicios tipo ensaio a partir das lecturas (30%); elaboración dunha programación (40%). A realización dunha titoría a inicio de curso será, para estas persoas, de obrigado cumprimento en consenso co/a profesor/a.

Na

realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento

## Fontes de información

### Bibliografía básica

Caballo, B. (2009). Os desafíos socioprofesionais do traballo en ocio e tempo libre, en Otelo, C. (coord.). La pedagogía del ocio: nuevos desafíos, pp. 26-31. Lugo: Editorial AXAC. Caballo, B. e Fraguera, R. (coords.) (2005): A acción municipal no tempo libre. Deputación da Coruña: A Coruña. Colección Cadernos Temáticos interrea. Caride, J.A. (2004). Lo que el tiempo educa: el ocio como construcción pedagógica y social. Arbor Ciencia, Pensamiento y Cultura. Vol. 188 - 754 marzo-abril (2012) 301-313 ISSN: 0210-1963. doi: 10.3989/arbor.2012.754n2004 Cuenca, M. (2004): Pedagogía del Ocio: modelos y propuestas. Bilbao: Universidad de Deusto. Dumazedier, J. (1968). Hacia una civilización del ocio. Barcelona: Estela. Puig, J.M. e Trilla, J. (1987). Pedagogía del ocio. Barcelona: Laertes. San Salvador, R. (2000): Políticas del ocio: cultura, turismo, deporte y recreación. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao. Ucar, X. (1992): El teatro en la animación sociocultural. Técnicas de intervención. Diagrama: Barcelona. Ventosa, V. (1996): La expresión dramática como medio de animación en educación social. Fundamentos, técnicas y recursos. Amaru: Salamanca Rivasés, M. (2017). Ludopedagogía. Jugar para conocer, conocer para transformar. Madrid: Fundación InteRed Tonucci, F. (1997). La ciudad de los niños. Barcelona: Editorial Graó. Trilla, J. (2010). Tres pedagogías del ocio y una más. Educación Social, 11, 57-71. Rosa Marí Ytarte, Pablo A. Cantero Garlito, Eduardo S. Vila Moreno (2017). Ocio, bienestar y calidad de vida en terapia ocupacional. Madrid : Síntesis. Aurora Madariaga Ortuzar y Ana Ponce de León Elizondo (editoras) (2018). Ocio y participación social en entornos comunitarios. Logroño : Universidad de la Rioja, Servicio de Publicaciones Fernando Bayón, Carmen Palmero (coords.) (2018). Sociedad del ocio y políticas de la cultura : una mirada interdisciplinar desde las Ciencias Humanas. Burgos : Universidad de Burgos. WRLA (1993). Carta internacional para la educación del ocio. Accesible en: <https://docplayer.es/13555913-Carta-internacional-para-la-educacion-del-ocio.html>



|   |   |
|---|---|
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <p>Bantulá, J. (2001). Juegos motrices cooperativos. Paidotribo: Barcelona. Barba, M., Morán, M. C. e Cruz, L. (2017). Animación sociocultural en prisión. Experiencia en el centro penitenciario de Monterroso. Madrid: Popular. Baroja, V. e Sebastiani, E. (2000): Unidades didácticas para secundaria IV. Jugar, jugar, jugar. INDE: Barcelona. Bauman, Z. (2010). Tiempos líquidos. Vivir en una época de incertidumbre. Barcelona, Tusquets. Bóscolo, Luigi y Bertrando, Paolo. (1996) Los tiempos del tiempo, Barcelona, Paidós. Cañas, J. (1994). Didáctica de la expresión dramática. Octaedro: Barcelona. Carbajo, M.C. (2010). Mitos y estereotipos sobre la vejez. Propuesta de una concepción realista y tolerante, en ENSAYOS, Revista de la Facultad de Educación de Albacete, Nº 24, 2010. (Enlace web: <a href="http://www.uclm.es/ab/educacion/ensayos">http://www.uclm.es/ab/educacion/ensayos</a>) Caride, J. A. e Trillo, F. (coords) (2011). Diccionario galego de pedagogía. Galaxia: Vigo. Caride, J. A. e Vieites, M. (coords) (2006). De la educación social a la animación teatral. Trea: Gijón. Castro, M. e outros (2007). La escuela en la comunidad. La comunidad en la escuela. Grao: Barcelona. Castro, M. e outros (2008). Educación Social e Escola. Nova Escola Galega. Santiago. Chacón, F. e Vecino, M. (2006). Cómo trabajar con adolescentes en el tiempo libre. Zaragoza: Certeza. Cuenca, M. (2011). El ocio como ámbito de la educación social. Revista de Educación Social, 47, 25-40. Cuenca, M. E Aguilar, E. (2009). El tiempo del ocio: transformaciones y riesgos en la sociedad apresurada. Universidad de Deusto: Bilbao. Accesible en: <a href="http://www.deusto-publicaciones.es/deusto/pdfs/ocio/ocio36.pdf">http://www.deusto-publicaciones.es/deusto/pdfs/ocio/ocio36.pdf</a> Del Pino, J. A.; Dauso, A. e Martínez, R. (2001). Prácticas de ocio, cambio cultural y nuevas tecnologías en la juventud española de fin de siglo. Madrid: CCS. Devos, F. (2006). Jóvenes pero alcanzables. Fundación Autor: Madrid. Devos, F. e outros (2009). Infancia, juventud y comunicación. Fundación Autor: Madrid. Díaz, M. E Ost, N. (2012). Jugar y actuar. Nuestras armas para la paz. Madrid: Fundación InteRed. Durán, J.F. (2014). Tiempos líquidos. Configuraciones de la temporalidad actual en la obra de Zygmunt Bauman, Aposta. Revista de Ciencias Sociales, 60, 1-25. Durán, J.F. (2014). Tiempos líquidos. Configuraciones de la temporalidad actual en la obra de Zygmunt Bauman, Aposta. Revista de Ciencias Sociales, 60, 1-25. Eines, J. e Mantovani, A. (1997). Didáctica de la dramatización. Gedisa: Barcelona. Fraguera, R.; Lera, A. e Varela, L. (2002). Contribución al desarrollo grupal a través de actividades motrices. Revista galego-portuguesa de psicología e educación, vol. 8, p.9-26. Froufe, S. (1998). Técnicas de grupo en animación comunitaria. Amarú: Salamanca. Heidegger, Martin (2003). El concepto de tiempo, Madrid, Trotta. Honoré, Carl (2006). Elogio de la lentitud, Barcelona, RBA. Hoyuelos, Alfredo. Vivir los tiempos emocionados de la infancia, en Cabanellas, I.; Eslava, J. J.; Polonio, R., Ritmos infantiles. Tejidos de un paisaje interior, Barcelona, Rosa Sensat-Octaedro (en prensa). Lafargue, P. (2011). El derecho a la pereza. Madrid: Maia Editores. Motos, T. (1983). Iniciación a la expresión corporal. Humanitas: Barcelona. Motos, T. (1987). Prácticas de Dramatización. Humanitas: Barcelona. Novo, M. (2010). Despacio, despacio. 20 razones para ir más lentos por la vida. Barcelona: Ediciones Obelisco. Palacios, J. (1999). Jugar es un derecho. Fundamentos pedagógicos del juego. Xaniño: A Coruña. Pantoja, L. (1998) (coord). Nuevos espacios de la educación social. ICE: Bilbao. Ripoll, O. (2006). El juego como herramienta educativa, Revista de Educación Social, 33, 11-26. Setién, M. e López, A. (edit) (2003): Mujeres y ocio. Nuevas redes de espacios y tiempos. Instituto de Estudios del Ocio: Bilbao. Tejerina, I. (1994): Dramatización y teatro infantil. Siglo XXI: Madrid. Valle, J. (2017): La razón también tiene sentimientos. Culbuks: Sevilla. Yubero, S.; Caride, J. A.; Pose, H. e Larrañaga, E. (2016). Educación social y alfabetización lectora. Síntesis: Madrid. Vial, J. (1988): Juego y educación: las ludotecas. Akal: Madrid. Revista de Educación Social (2006). Monográfico "El Juego, herramienta educativa", mayo-agosto. O profesorado, ao longo do cuadrimestre, irá presentando outras fontes bibliográficas e de boas prácticas que sexa novidade editora ou que respondan a algún caso específico do ámbito que nos ocupa: un proxecto municipal ou doutro axente socioeducativo, un video, noticia de prensa, etc.</p> |
|---|---|

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Animación e xestión sociocultural/652G03017

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Acción socioeducativa con minorías e colectivos vulnerables/652G03022

Administración local e acción cultural e educativa/652G03040

**Observacións**



Non se

admitirán traballos dos que o/a profesora non teña constancia da súa realización.

As datas de

entrega dos traballos son propostas con antelación suficiente, polo que, logo de seren consensuadas no grupo-clase, e agás casos moi excepcionais coa debida xustificación, estas son inamovibles.

Seguiranse

en cada caso as indicacións dadas na aula para a realización dos traballos e actividades de avaliación, que tamén se atoparán colgadas no Moodle.

Os

traballos presentaranse en formato dixital e sempre axeitadamente identificados (nome da alumna/o, curso, grupo, equipo, materia e nome da docente). Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Igualmente, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

En consonancia

coa integración dunha perspectiva feminista nesta materia, traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Facilitarase

a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade e proposta de mellora sexa comunicada.

O

calendario de titorías está exposto na web da Facultade e no taboleiro da porta do despacho.&nbsp;

**(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**